



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xuntes de Limia.

1. LISTAXE DE LOCAIS ADMITIDOS PREVIAS REUNIÓNS CON ALCALDÍA

LOCAL 1	20-21	Rúa Lepanto, 8
LOCAL 2	5 Rutas	Rúa Constitución, 55
LOCAL 3	A de Torino	Rúa da Igrexa, 7
LOCAL 4	Burger DF	Rúa Constitución, 19
LOCAL 5	Casa Mosteiro	Lugar Trandeiras, 27
LOCAL 6	Casa Pacita	Lugar Ganade, 0
LOCAL 7	Cóxegas Limisi	Rúa Rio Sil, 21
LOCAL 8	Cubano	Rúa Galicia, 1
LOCAL 9	Felemana	Rúa San Sebastián, 10
LOCAL 10	La Central Heladera	Praza Maior, 4
LOCAL 11	Latexo	Rúa Constitución, 15
LOCAL 12	Meigallo	Rúa Lepanto, 5
LOCAL 13	Monforte	Rúa Curros Enríquez, 5
LOCAL 14	Mundial	Avenida de Madrid, 87
LOCAL 15	Novo	Lugar Lamas, 39
LOCAL 16	Novo Gaitero	Rúa Otero Pedraio, 7
LOCAL 17	O Muíño	Lugar Ganade, Barrio Lama da Vila
LOCAL 18	Padel i Ocio	Parque Empresarial, nave 10
LOCAL 19	Río Salas	Rúa Río Salas, S/N
LOCAL 20	Rosalía	Rosalía de Castro, 5
LOCAL 21	Tinto Asado Leman	Rúa Celso Emilio Ferreiro, 15
LOCAL 22	Villasana	Avenida de Madrid, 46



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xunzo de Limia.

BASES

1. Datos da Entidade organizadora do concurso:

- 1.1 Nome da Entidade: Concello de Xunzo de Limia
- 1.2 Número de CIF da Entidade: P3203300C
- 1.3 Enderezo fiscal da Entidade: R/ Curros Enríquez, 15
32630 – Xunzo de Limia (Ourense)
- 1.4 Enderezo de correo electrónico da Entidade: alcaldia@xinzodelimia-ayto.com

2. Lugar e datas nas que se vai a celebrar o concurso de tapas:

O concurso de tapas celebrarase dende o día 21 de novembro ata o día 08 de decembro de 2024, ambos días incluídos, nos establecementos de hostalería participantes, de xoves a domingo en horario de 19:00 a 22:00 horas.

3.

Mecánica do concurso de tapas:

3.1 Participar no concurso, supón admitir estas bases.

3.2 Establecementos participantes:

□ A organización resérvase o dereito de admisión dos establecementos no concurso ata un máximo que garanta a boa xestión do mesmo. Considéranse admitidos os que figuran na listaxe de locais admitidos publicada xunto con estas bases, previa consulta de alcaldía aos establecementos da vila. Sen prexuízo do exposto, se algún outro establecemento quixera participar terá de prazo para presentar a correspondente solicitude ata o luns 18 de novembro ás 14:30 horas no rexistro do Concello.

□ Cada establecemento presentará a concurso unha única tapa, á cal terá que servir tódolos días do concurso.

□ Os establecementos participantes, terán total liberdade á hora de preparar a súa tapa a concurso, e as elaboracións terán que ter a característica de tapa e non ser nin racións, nin pratos de menú. A única condición é que a súa elaboración ten que xirar en torno á pataca da Limia.

□ Prezo das tapas: establécese un prezo de 2€ por tapa. Bebida non incluída.

□ Compromisos dos establecementos participantes: a participar durante todos os días que dure o concurso (agás os días en que o establecemento peche por ser día de descanso ou, en caso de iniciarse o concurso, coincide con algún día de peche por vacacións ou obras). Será motivo de descalificación a falta dos cumprimentos mencionados, salvo xustificación por causa de forza maior.

Cada establecemento participante resérvase o dereito de elaboración das tapas segundo o seu horario habitual. Así mesmo, deberán indicar os días de descanso de persoal e o horario en que servirán a tapa, para incluílo na cartelería.



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xinzo de Limia.

3.3 Condicións que deberán cumprir os clientes para poder valorar as tapas a concurso:

Ser maior de idade e non ser propietario/a nin traballador/a do establecemento da tapa a votar.

Ter na papeleta de votación todos os selos dos establecementos de hostalería participantes, xa que é o xustificante conforme a que se probaron todas a tapas, **admitíndose a falta de 1 establecemento.**

Valorar as tapas, segundo a seguinte puntuación:

1º Premio 3 puntos.

2º Premio 2 puntos.

3º Premio 1 punto.

Os premios:

4. Na II edición do Concurso de “Patapas” haberá tres tipos de premios:

4.1 Premios para os clientes que teñan a papeleta de participación con todos os selos dos establecementos participantes (marxe de erro de 1 cuño):

4 Premios de 250€ en bonos locais.

2 Premios de 200€ en bonos locais.

1 Gran Cesta de Nadal

4.2 Premios para os clientes que teñan a papeleta de participación con 10 ou máis cuños, como mínimo un deles de locais de fora do núcleo urbano.

8 Premios de 100€ en bonos locais.

4 Premios de 50€ en bonos locais.

— Os sorteos destes premios realizaranse unha vez rematado o concurso de tapas, ter recollido todos os cartóns de votacións depositados polos clientes nas furnas que terá cada local hostaleiro participante e ter realizado as comprobacións e cálculos necesarios.

— Características destes sorteos:

O sorteo realizarase publicamente en dependencias municipais, que serán notificados a través dos medios habituais, e poderase acceder ata límite de aforo.

A entidade organizadora avisará aos participantes agraciados mediante unha chamada telefónica.

— Notificación aos gañadores:

Unha vez realizados os sorteos dos premios a entidade organizadora contactará con cada persoa agraciada vía telefónica.



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xunzo de Limia.

— Cesión dereitos de imaxe e/ou propiedade intelectual dos/as gañadores/as:

As persoas gañadoras dos premios deberán aceptar que o seu nome e apelidos se publique nas redes sociais e/ou outros sitios web da Entidade organizadora, coa finalidade de comunicar a relación de persoas premiada no concurso.

4.3 Premios para clientes que participen no concurso a través do Instagram do Concello de Xunzo de

Limia:

Realizarase un concurso a través do Instagram do Concello de Xunzo de Limia, onde se sorteará catro premios de 50€ para gasto no comercio local. Unha participación pos historia.

— Exclusionés: hostaleiros participantes no concurso e usuarios que non sigan o perfil do Concello de Xunzo de Limia en Instagram.

- Polo tanto, poderá participar aquel usuario que suba unha foto ás historias de Instagram do seu perfil degustando a tapa a historias co hashtag #IIPatapas e a mención visible de @concelloxinzodelimia
- Como tamén, permitirase que participe aquel usuario que teña perfil privado e que envíe ao unha captura de pantalla (mediante mensaxe directo de Instagram) da historia subida onde se vexa claramente na foto degustando a tapa co hashtag #IIPatapas e a mención visible de @concelloxinzodelimia.
- O concurso está aberto a maiores de idade (con 18 anos ou máis anos) que contén cun perfil real en Instagram. Se o teu perfil é privado, tes que enviar mensaxe directa coa captura das historias.

— O sorteo:

- Ao remate da II edición do Concurso de Patapas, recorrerase á plataforma AppSorteos para realizar o sorteo (<https://app-sorteos.com/es/apps/sorteados>), na cal se inserirán todos os nomes de usuario participantes e deste sairá un gañador.

Contactarase co usuario gañador a través da propia plataforma de Instagram, nunha publicación nas historias de @concelloxinzodelimia e por medio dunha mensaxe directa a ese usuario.

A persoa agraciada co premio disporá de prazo (1) unha semana para comunicar a súa aceptación do premio. En caso contrario, o Concello de Xunzo de Limia resérvase o dereito de outorgar o premio a outro participante. Se a persoa gañadora renuncia ao premio, sortearase de novo.



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xunzo de Limia.

— Características do concurso:

- Un usuario só poderá realizar una publicación por cada tapa que probe e que participa no concurso; polo tanto, por cada tapa diferente do concurso degustada e subida a historias de Instagram co hashtag #IIPatapas e a mención visible a @concelloxinzodelimia terá unha participación (unha participación por tapa).
- O usuario comprométese a que o comentario sexa da súa propia autoría e realización. Así mesmo, en caso de figurar imaxes de terceiras persoas, o autor/a deberá contar co consentimento expreso destas, en canto ao uso da súa imaxe. Calquera caso contrario aos supostos anteriores pode supoñer a expulsión do usuario da competición xunto co comentario presentado. Sempre será o usuario e nunca o Concello de Xunzo de Limia, quen asuma as responsabilidades legais e xudiciais derivadas de tales feitos e posibles reclamacións.
- O Concello de Xunzo de Limia resérvase o dereito para repostar na súa páxina de Instagram as historias de Instagram participantes no concurso, ou para deixar fóra de concurso e eliminar da súa fanpage aquelas pezas achegadas por participantes que non cumpren coas características das bases do concurso, ou cuxo contido sexa ofensivo, de mal gusto ou que atente sobre a honra e a dignidade de terceiras persoas ou colectivos.
- O Concello de Xunzo de Limia resérvase o dereito para descartar aquelas pezas que non cumpran cos estándares mínimos de calidade técnica.
- A participación no concurso supón a cesión ó Concello de Xunzo de Limia de todos os dereitos sobre os comentarios e as posibles fotos presentadas.
- As persoas participantes no sorteo poden facer uso das redes sociais para difundir o sorteo e incentivar a participación.

5. Cesión dereitos de imaxe e/ou propiedade intelectual dos/as gañadores/as dos sorteos:

As persoas gañadoras dos premios deberán aceptar que o seu nome e apelidos se publique nas redes sociais e/ou outros sitios web da Entidade organizadora, coa finalidade de comunicar a relación de persoas premiadas nos concursos.

6. Prórrogas ou suspensións:

A Entidade organizadora, no caso de existir causas de forza maior alleas ao seu control, resérvase o dereito a efectuar calquera cambio, suspender, acurtar ou ampliar o período de duración do concurso, comprometéndose a dar ás devanditas modificacións o grao de publicidade que resulte necesario.



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xunzo de Limia.

Polo tanto, a Entidade organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidese derivarse de calquera circunstancia imputable a terceiros que puidese afectar ao desenvolvemento da mecánica do concurso e, en especial aos Premios.

No mesmo sentido, a Entidade organizadora non será, en ningún caso, responsable de calquera dano, de calquera natureza, directo, indirecto e/ou circunstancial, xa sexa inmediatos ou diferido, que puidese aparecer con ocasión ou como consecuencia de poder gozar dos Premios.

7. Descualificacións e penalizacións:

Establécese a posibilidade de dar de baixa ou descualificar a usuarios que incumpran as regras do concurso ou de penalizar no caso de que algún participante e/ou gañador/es do/s premio/s actúe/n de maneira fraudulenta.

8. Exoneración de responsabilidade do organizador en caso de incumprimento dos participantes:

Ante o incumprimento dun participante ou ante o uso que o premiado poida facer co premio recibido, a Entidade organizadora non se fará responsable no caso de que o gañador fixese un mal uso do premio ou incumprise co disposto nestas bases legais.

9. Protección de datos de carácter persoal:

O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Xunzo de Limia.

Durante o rexistro no concurso a persoa participante deberá achegar datos persoais cuxa única finalidade é a de contactar con ela, chegado o caso, se foi o gañadora.

Os datos facilitados conservaranse o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade ou finalidades concretas que motivaron a súa recollida, ata a perda de relevancia do seu uso ou, en todo caso, ata que sexan cancelados en resposta ao exercicio, por parte do titular, dos dereitos correspondentes.

A base legal para o tratamento dos datos e o consentimento obtido do interesado durante a inscrición/participación no concurso.

Os datos das persoas premiadas serán publicados en prensa, nas edicións comarcais e nas redes sociais do Concello de Xunzo de Limia. Non se efectuará comunicación a outra entidade, salvo aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal.

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se o Concello de Xunzo de Limia está a tratar datos persoais que lles afecten, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente estes serán conservados para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos.

o Concello de Xunzo de Limia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.



— II Concurso de “Patapas” —

Dende o 21 de novembro ata o 08 de decembro de 2024, Xunzo de Limia.

A persoa interesada ten dereito a retirar o consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Para obter información adicional sobre os dereitos facilítase enlace da páxina Web da Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/>).

O interesado, para exercer o seus dereitos, pode escribir un correo electrónico a alcaldia@xinzodelimia-ayto.com no que debe identificarse achegando copia do seu DNI e indicar o dereito que desexa exercer e o motivo.

10. Contacto e reclamacións:

A/s persoas/s gañadora/s poderá/n contactar coa Entidade organizadora a través do seguinte correo electrónico: alcaldia@xinzodelimia-ayto.com, para calquera dúbida ou reclamación.

11. Aceptación da bases:

Tanto os establecementos de hostalería participantes no II Concurso de “Patapas”, como os clientes que participen nalgún dos sorteos dos premios desta II edición, aceptarán estas bases legais polo feito de participar.

12. Foro xurisdiccional e lei aplicable:

A lei aplicable será a española e o foro xurisdiccional, en caso de conflito, será a dos xulgados e tribunais da vila de Xunzo de Limia.

13. Outras consideracións:

Calquera situación non prevista nas mesmas poderá ser resolta segundo o criterio do Concello de Xunzo de Limia.